XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**CEIP SESTELO-BAIÓN**
Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es
Tlf: 886 15 18 98

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE SESTELO BAIÓN
CURSO: 2º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA
DATA: 12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP SESTELO-BAIÓN
Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es
Tlf: 886 15 18 98

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

As competencias clave que se traballan nesta área son as sete mencionadas no **Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o curriculo básico da educación primaria na comunidade autónoma de Galicia** :

- Competencia en comunicación lingüística . (CCL)
- Competencia en comunicación matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CCMCT)
- Competencia dixital. (CD)
- Competencia en aprender a aprender. (CAA)
- Competencias sociais e cívicas. (CSC)
- Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)
- Competencia en conciencia e expresións culturais. (CCEC)

**CEIP SESTELO-BAIÓN**
Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es
Tlf: 886 15 18 98

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|---|---|
| B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando o quenda de palabra e a intervención dos e das demais | 2º-LCB1.1.1 - Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións.<br><br>2º-LCB1.1.2 - Aplica as normas socio - comunicativas: escoita, espera de quendas. |
| B1.2. Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia | 2º-LCB1.2.2 - Exprésase cunha pronunciación e unha dicción axeitada ao seu nivel. |
| B1.4. Ampliar o vocabulario a partir das experiencias de aula | 2º-LCB1.4.1 - Utiliza o vocabulario axeitado ao seu nivel. |
| B1.5.Recoñecer o tema e o sentido xeral dun texto oral breve e sinxelo, de diferente tipoloxía, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos). | 2º-LCB1.5.1 - Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social.<br><br>2º-LCB1.5.2 - Recoñece a tipoloxía moi evidente de textos orais sinxelos atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa: cartas, anuncios, regulamentos, folletos. |
| B1.6. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación | 2º-LCB1.6.1 - Iníciase na utilización guiada dos medios audiovisuais e dixitais para obter información. |
| B1.7. Reproducir textos axeitados aos seus gustos e intereses. | 2º-LCB1.7.1 - Reproduce de memoria textos literarios ou non literarios, sinxelos e breves, axeitados aos seus gustos e intereses. |
| B1.10. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. | 2º-LCB1.10.1 - Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. |
| B1.11. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar. | 2º-LCB1.11.1 - Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse: escoita e pregunta para asegurar a comprensión. |
| B2.1. Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos sinxelos de carácter infantil. | 2º-LCB2.1.1 - Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade.<br><br>2º-LCB2.1.2 - Le en silencio textos moi sinxelos próximos á súa experiencia infantil. |
| B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario | 2º-LCB2.2.1 - Identifica o tema dun texto sinxelo. |
| B2.4. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos. | 2º-LCB2.4.1 - Dedica, de xeito guiado, momentos de lecer para a lectura voluntaria.<br><br>2º-LCB2.4.2 - Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras. |
| B2.6. Mostrar interese por ter unha biblioteca propia. | 2º-LCB2.6.1 - Coida, conserva e organiza os seus libros. |
| B2.7. Identifica, con axuda, a estrutura básica de diferentes textos lidos. | 2º-LCB2.7.1 - Diferenza, con axuda, entre información e publicidade. |

**CEIP SESTELO-BAIÓN**
Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es
Tlf: 886 15 18 98

| | |
|---|---|
| B2.8. Utilizar de xeito guiado as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura da información. | 2º-LCB2.8.1 - Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para buscar información. |
| B3.2. Valorar a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros. | 2º-LCB3.2.1 - Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros. |
| B3.4. Elaborar, de xeito guiado, proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas da área. | 2º-LCB3.4.2 - Elabora e presenta, de forma guiada, textos sinxelos, que ilustra con imaxes de carácter redundante co contido. |
| B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua. | 2º-LCB4.2.1 - Utiliza sinónimos e antónimos, polisémicas na expresión oral e escrita.<br><br>2º-LCB4.2.2 - Forma palabras compostas a partir de palabras simples.<br><br>2º-LCB4.2.3 - Identifica o suxeito/grupo nominal e predicado nas oracións simples. |
| B4.3. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz. | 2º-LCB4.3.1 - Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos sinxelos. |
| B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua. | 2º-LCB4.4.1 - Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita.<br><br>2º-LCB4.4.2 - Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas. |
| B5.5. Reproducir, con axuda, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos: contos e poemas. | 2º-LCB5.5.1 - Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados. |
| B5.6. Reproducir textos literarios breves e moi sinxelos adaptados á súa idade. | 2º-LCB5.6.1 - Reproduce textos orais moi breves e sinxelos: cancións e poemas. |

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

**CEIP SESTELO-BAIÓN**
Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es
Tlf: 886 15 18 98

## 2. Avaliación e cualificación

| | |
|---|---|
| **Avaliación** | **Procedementos**:<br>Corrección dos traballos escritos feitos polo alumnado día a día na materia: actividades dos libros de texto, fichas de ampliación entregadas pola titora relacionadas cos temas dos libros, actividades propostas relacionadas coa materia, caderno de ortografía.<br>Valoración de actividades orais. |
| | **Instrumentos**:<br>-Probas escritas realizadas no primeiro e segundo trimestre.<br>-Observación e valoración da evolución do alumnado.<br>-Traballo en equipo.<br>-Participación nas distintas actividades organizadas polo Centro. |
| **Cualificación final** | **Procedemento para obter a cualificación final de curso**:<br>**-1ª Avaliación:** computará un 45% do total da cualificación final do curso.<br>**-2ª Avaliación:** computará un 45% do total da cualificación final do curso.<br>**-3ª Avaliación:** valorarase a realización das tarefas encomendadas durante o período de atención educativa non presencial cun 10% do total da cualificación final do curso. Faise constar que durante esta avaliación traballarase na recuperación e reforzo dos estándares de aprendizaxe non acadados polo alumnado nas dúas primeiras avaliacións. |

## 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

| | |
|---|---|
| **Actividades** | -Propóñense a diario **actividades de repaso** dos contidos explicados durante o primeiro e segundo trimestre de maneira presencial, exclusivamente dos contidos que a titora considera que a maioría dos/as alumnos/as non chegou a interiorizar e comprender correctamente.<br>-Asemade propóñense algunhas **actividades de ampliación** nas que se avalían os contidos xa traballados no primeiro e segundo trimestre. En ningún caso serán avaliados novos conceptos.<br>-Para a minoría que non ten interiorizados os contidos básicos aos que nos referimos anteriormente, propóñense **actividades de reforzo.** Estas actividades están coordinadas pola orientadora conxuntamente coa profesora de P. T. e o profesor de A. L.<br>-Visualización de **vídeos explicativos e lúdicos.** |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Realización de actividades, inicialmente a través de Abalar móbil e, posteriormente, a través da aplicación Agueiro. En casos puntuais tamén a través de correo electrónico. |

CEIP SESTELO-BAIÓN
Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es
Tlf: 886 15 18 98

| | |
|---|---|
| **Materiais e recursos** | **Recursos materiais:** imprimibles, descargables, audiovisuais, ligazóns páxinas web.<br>**Recursos humanos:** profesorado de aula (titores/as e especialistas) e Profesorado de PT e AL (nos casos necesarios). |

| **4. Información e publicidade** | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | -E-mail<br>-Teléfono<br>-Abalar móbil<br>-Agueiro |
| **Publicidade** | -Paxina web do centro |